



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLE/2018/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urxente Motivo: «Pleno Extraordinario solicitado polo Partido Popular e acordo unánime de celebración na Xunta de Portavoces o vindeiro día 23 de novembro de 2018.»
<b>Data</b>	23 de novembro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata as 22:05 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	NON
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ



78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo Secretario a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### Ratificación Urgencia da Sesión

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O Pleno de Cangas acorda por Unanimidade dos membros presentes ratificar a urgencia da Sesión xustificada pola vontade de celebración do Pleno o 23 de novembro de 2018.

##### Expediente 5699/2018. Pleno Extraordinario solicitado por Partido Popular. (PXOM)

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 10, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta da proposta do Grupo Municipal PP de Cangas, relativas ao PXOM:

1º.- Instar ao Goberno Municipal a que entregue a tódolos grupos municipais a documentación do PXOM elaborada pola empresa redactora.

2º.- No prazo máximo de 3 meses, se nos traia a aprobación polo Pleno da Corporación un cronograma actualizado das distintas fases do PXOM



DELIBERACIÓNS:

**Sr. Soliño Costas:** expón a moción.

**Sr. Gestido Porto:** sinala que este é outro punto vital para a Corporación pero atopámonos a 6 meses dunhas eleccións polo que debemos ver a situación desde a óptica política recordando que fai 4 anos se estaba na mesma situación. E recórdalle a D. Mariano Abalo que como representante desa área debería de facer algo máis e non perder o tempo.

**Sr. Iglesias Santos:** presenta escrito de acceso ao expediente ao que da lectura solicitando “a entrega inmediata de toda a documentación do PXOM elaborada pola empresa redactora ata o día de hoxe”.

**Sr. Abalo Costa:** expón que quen fora responsable de urbanismo durante catro anos gardando a documentación no caixón veña agora dando leccións na actualidade. Procede a lectura dunha emenda de goberno para que conste en acta: “O Goberno Municipal de Cangas entregará a tódolos grupos políticos da corporación e asemade aos colectivos veciñais o borrador do PXOM que se está a elaborar en canto estea definida e rematada a proposta”.

**Sr. Soliño Costas:** sinala que o de ocultar os papeis do PXOM non é algo novo senón que se xa se remontan a cando se asinou o contrato no ano 2017 co equipo redactor. Presentáronse 8 solicitudes, numerosas mocións e que debido a esta falta de consenso, debate e transparencia e un PXOM morto por iso pide altura de miras para levar a cabo un traballo de futuro porque non é un PXOM do Goberno senón de todos os cangueses.

**Sr. Abalo Costa:** sinala que hai que ter en conta as dificultades técnicas e a normativa que acompaña a redacción dun PXOM. Expón que se se emprega a documentación para saír na prensa e desvirtuar un traballo non é o camiño, nin coller o CD pirata para repartir no mercadillo.

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que quere deixar perfectamente reflectidos os dereitos que lle asisten.

**Sr. Gestido Porto:** expón que é unha obrigatoriedade do equipo de goberno a redacción dun PXOM.

**Sr. Soliño Costas:** sinala que o CD pirata conseguiu en agosto de 2018 simplemente porque alguén do equipo do goberno o puxo no mercado, e que anos atrás, no 2010 o señor Mariano acosou ao equipo de goberno de levar a cabo prácticas que agora el mesmo realiza.

VOTACIÓN E ACORDO:

**Votos a favor:** 9 (7 do PP, 1 de Cangas Decide e 1 do PSOE)



Concello de Cangas

**Votos en contra:** 10 (3 de Aspun, 3 de ACE e 4 do BNG)

**Abstencións:** 1 (1 concelleiro de ACE)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 5697/2018. Pleno Extraordinario solicitado por Partido Popular ( SERGAS)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dáse conta da seguinte proposta de acordo do Grupo Municipal do PP, referente ás necesidades sanitarias:

*“a) O Pleno da Corporación acorda solicitar unha xuntanza a celebrar no prazo máximo dun mes co Conselleiro de Sanidade e as portavoces dos grupos municipais de Cangas para presentar alegacións ao ‘Estudo de necesidades sanitarias de atención primaria de Cangas e Moaña’ e concluír na definición da implantación do CIS e do Centro de Saúde para Aldán-o Hío.*

*b) O Pleno da Corporación insta ao SERGAS a cubrir todas as prazas vacantes que na actualidade están sen persoal asignado, tanto de Atención Primaria como de Pediatría”.*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Sotelo Villar:** explica o motivo do pleno extraordinario sinalando que foron moitas as solicitudes do Partido Popular sen que se fixese nada, que se está ante unha oportunidade histórica sendo necesario observar vontade política e recursos económicos. Recorda que non se atenderon as peticións do SERGAS e que é preciso atender as necesidades de Cangas. Entre todos se debe facer un esforzo para aspirar a ter unha sanidade de calidade en Cangas e por iso espera que o que se vai a aprobar aquí sexa un punto de partida que rematen nun punto final, as infraestruturas necesarias para atender á poboación de Cangas especialmente neste momento no que existen recursos económicos e dispor de factor humano suficiente para un servizo de calidade.

O **Sr. Alcalde** recorda que tan so houbo unha reunión co conselleiro.

**Sr. Sotelo Villar:** sinalalle que el mesmo estivo presente en varias reunións.

**Sr. Gestido Porto:** expón que este é un tema de tal importancia que é preciso axuntar forzas e chegar a un acordo e que pese a presentarse a 6 meses dunhas eleccións non se pode ver como un tema político senón para o pobo. Considera insuficiente o estudo presentado polo SERGAS, considera insuficiente a reunión co conselleiro.

**Sr. Iglesias Santos:** pide que se lea a proposta de emenda.

O **Sr. Alcalde:** procede á lectura e sinala a necesidade de entendemento.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Sr. Iglesias Santos:** sinala que as frases pronunciadas por Sotelo (vontade e recursos económicos) crean expectativas pero é preciso optimizar eses recursos tanto humanos como económicos. Expón que a entrevista e os recursos non deben facer esquecer das necesidades dos veciños de Cangas e todo iso sen esquecer as necesarias melloras nas infraestruturas que actualmente existen.

**Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que a proposta consensuada da lugar a comezar unha fase nova. O importante agora é sentarnos co Conselleiro, que se refaga o estudo e mentres non teñamos esas infraestruturas precisas é necesario que se melloren as infraestruturas actuais e o factor humano. Considera importante que se adopten estas vías de consenso pero considera lamentable que sexa por medio do Partido Popular, cando a Consellería queira recibir aos representantes de Cangas e non o Grupo de Goberno.

**Sra. Giráldez Santos:** sinala que á vista das intervencións resulta difícil crer que se busque un consenso, expón que xa non cree en vontades senón en feitos e que por medio deste acordo preténdese determinar a postura do Sergas. Recorda a falta de respecto do señor Conselleiro por non querer recibir aos representantes lexítimos de Cangas e que haberá que buscar esa vontade pero recordando que moitas desas vontades non se fixeron realidade. E insiste na falta de profesionais existentes na sanidade e que en definitiva sexa o Sergas o que aporte solucións reais.

**Sr. Abalo Costa:** sinala que a intervención do señor Sotelo é unha provocación, que o Sergas sempre estivo a facer manobras de distracción (cedemos terreos e no se fai nada, estudio incompleto de *Gesmédica*). Lembra que se paga por recibir unha asistencia sanitaria e que é preciso ofrecer a mellor asistencia posible. Pregunta onde está o plan funcional e as actuacións previstas porque o estudio de *Gesmédica* non recolle estas cuestións e que en prol de non cerrar portas apoiarán este acordo que debe ir acompañado da mobilización cidadá.

**Sr. Sotelo Villar:** sinala que o PP leva reclamando que a cuestión se trate na Xunta de Mancomunidade tal e como se acordara en Comisión, recorda que o estudio que non lle serve a Cangas serviulle a Moaña. Lembra que se reuniron 3 veces co Conselleiro e que para facer un plan funcional é preciso antes ter un proxecto básico e recorda a importancia de recoller determinadas especialidades vitais para a xente de Cangas. Asemade expón que a xunta de Galicia dispón dunha partida de 100.000 euros para o Centro de Saúde de Cangas, para a redacción do proxecto.

O **Sr. Alcalde:** sinala que a reunión da Mancomunidade está pendente dun acordo de Bueu neste senso. Lembra que o Goberno Municipal reuniuse con moitos conselleiros e co único que non puido falar foi co de Sanidade.

**Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que os 100.000 euros de Cangas son para 2 centros, fronte aos 100.000 de Moaña para un só centro.

**Sra. Giráldez Santos:** expón que o debate debe ser necesario e preciso dadas as afirmacións ás que hai que dar resposta; e que Moaña leva anos co centro de Saúde solicitado e Cangas non o ten. Lembra que o señor Gestido dicía que non era un problema político senón social pero tamén e un tema político, de políticos anteriores.



Concello de Cangas

**Sr. Abalo Costa:** sinala que existe provocación cando se di que os grupos da oposición non van a estar na reunión. Expón que a incongruencia do señor Sotelo implica que non se pode falar dun plan funcional cando este non existe.

**Sr. Sotelo Villar:** sinala que se se considera que o estudo ten erros ou non se está de acordo é preciso alegar e que dado o interese da cuestión para os cangueses se é preciso que o Partido Popular non estea non estará nesas reunións e que despois de 3 reunións a situación neste ano non sufriu cambio algún.

**O Sr. Alcalde:** lembra que non poden alegar nada cando non se da a posibilidade de alegar.

**VOTACIÓNS E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

#### **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850